




CREACIONES GRAFICAS
PROPAGANDAS IMPRESAS
IMPRESA - FOTOGRAFADO
CROMOTIPOGRAFIA - DIBUJO
TRABAJOS DE LUJO
REPRODUCCIONES DE ARTE
ACCIONES - CHEQUES - ETIQUETAS
REVISTAS - LIBROS - CATALOGOS

AVENIDA DE RUBINE, 31
TELEFONO NUM. 2657
APARTADO NUM. 195
LA CORUÑA

La confección de los clichés e impresión de esta lámina, ha sido ejecutada en los talleres de Imprenta y Fotograbado GRAFICO GALAICO, de La Coruña.

UN BON BETANCEIRO



Don Xosé M. Ferreño Buxía,

membro destacado da Xunta directiva do "Centro Gallego" de Buenos Aires.



Al ben poucos días, viaxando por as ledas Mariñas, ô enxergar o madurecido froito da cidade de Betanzos, lembréime de meu amigo don Xosé Ferreño.

¡Cánto houber disfrutado aquel home bon e xeneroso descendo amodiño as encostas, entrando baixo os arcos por as rúas vellas, conselleiras, amigas, agardando a brillante chama do solpor, acesa e pouco a pouco esmorecida nas roseiras ispiradas das eirexas!

Saíu de nepo da aba ditosa e maderna. Na súa lembranza xogan, como noutrora nos seus ollos de neno, os reflexos glaucos, griseirós, do río, súa catóptrica cada hora difrente asegún o ritmo do mar. Do mar lonxano e veciño.

Todas as cousas teñen en Betanzos ise grado de finura e madureza propio das vilas históricas. Foi a cidade escolmada por a Fe, o Arte, o amor. Tamén a requintá-

da folganza e o disfrute dos celmosos froitos do vivir afinan o espírito. Non esquezamos os curiales de outro tempo gabados por Murguía cun aire de rexouba.

Ise xenio esperto, falanguero, eispresivo, maxinativo dos betanceiros anima o corpo non lanzal pro sí rexo do meu amigo Ferreño, un dos homes do presente e do porvir do Centro Gallego de Bós Aires.

Inqueto, madrugueiro, paroleiro, é dos que semellando perder o tempo fai o mllor traballo, se non esquece de ren, conquiere a vida ca laboura xornaleira e tén aínda vagar pra comprir no Centro Gallego dificultosas angueiras.

Cando saín de Bós Aires o 5 de setembro do 1947 foi a figura de Ferreño a derradeira que puđen enxergar no lusco fusco dende o barco decindo adiós. Moitas ou algunhas veces escribeme. En soio dúas liñas brila a simpatía e intelixencia. Moitas horas paséi na súa compañía. Sempre optimista, alentaba no vivir da rúa ca alegría mañanceira propia da súa terra.

Xosé Ferreño disfruta de un ditoso fogar. Súa dona, de profesión médico e de outa cultura, é china de nación con algús anos na Plata. Non escribimos a fume de pallas o da cultura. Sabe leer uns saudosos poemas de Rosalía e a través dos recordos do esposo e dos poetas ama a Galicia. Fala un castelán calmo e fino. Inxire no vello tronco chino a cultura, a flor de Europa, e non coído teña sofrido das angustias da heroína da novela de P. Buck «Vento do leste, vento do oeste». A señora de Ferreño sabe armuñizar os contrarios nun senso fondamente humán.

Fai us anos, en Bós Aires, non se entendían por as difrencias de falares os representantes da China de Peking e da China de Nanking. O caso era grave. Arranxóuse servindo de intérpretes a señora de Ferreño e un xesuíta hespañol...

Índa non perdín a espranza de un día de conversas e recordos de amigos, en Betanzos co matrimonio Ferreño e seu fillo, xa cecáis mozo de moito proveito, asegún pormetía de neno.

E a doutora china, galeguizada, ha brindar en vaso antergo co trasparente branco das encostas betanceiras por a unión de Ourente e Oicidente.



D.ª Isabel Cheong de Ferreño,
natural de Cantón (China).

R. OTERO PEDRAYO
(Da "Real Academia Gallega".)